

## Castro do Tremiñado



O Plano do Pxom de Rois marca dous xacementos na aldea de Picadizo, Os catalogados como GA15074009 e GA15074006. Os veciños chaman a este, o máis cercano á aldea, a “Morosa Grande” e parece que o que está a 500 metros ao nordés dunha meseta sobre o Río de Rois identifícanos como só o único castro existente na aldea e sería o chamado Castro de Picadizo. O castro do Tremiñado ou Morosa Grande( GA15074009) está nunha meseta rodeada por dous afluentes do Río de Rois,(Rego do Porto Mouriño e o Río Cans) ao igual co castro de Picadizo. A tradición oral apunta a existencia dunha igrexa no cumo do outeiro en tempos antigos. Ten unha coroa de 70 metros e un parapeto de terra que rodearían o xacemento nun perímetro de 90 metros, pero está moi esborrallado e destruído en algunhas partes polas labores agrícolas e non se descarta outro tipo de estruturas nun estudio máis riguroso. Ao norte do castro a 200 m., nun outeiro do extremo norte da chaira, que os veciños chaman “O Cotarelo” pódese identificar unha elevación artificial, a modo de base dunha pequena torre ou mota, contra o val do río Cans.

INFORMACIÓN	
<b>TIPOLOXÍA</b>	Arqueoloxía
<b>CRONOLOXÍA</b>	Descoñecida
<b>CONCELLO</b>	Rois
<b>PARROQUIA</b>	Buxán (San Xoán)
<b>REFERENCIAS</b>	<p><a href="http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/ROIS/documents/0349PB015.jpg">http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/documentos/urbanismo/ROIS/documents/0349PB015.jpg</a> (Web cos Castros de Rois)</p> <p><a href="http://content.yudu.com/Library/A1rtfk/ARutaXacobeadoMardeA/resources/84.htm">http://content.yudu.com/Library/A1rtfk/ARutaXacobeadoMardeA/resources/84.htm</a> (WEB Castro de Rois)</p> <p>Web onde se identifica o outro castro "Castro de Picadizo)</p> <p><a href="http://es.wikipedia.org/wiki/Rois">http://es.wikipedia.org/wiki/Rois</a></p>


XEOLOCALIZACIÓN	
<b>COORDENADAS</b>	42.7511231961, -8.72578382492

## Anexo

Fotografías ou vídeos do elemento



FONDO SOCIAL EUROPEO  
INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL  
O FSE inviste no teu futuro



\* Información obtida da páxina web [patrimoniogalego.net](http://patrimoniogalego.net). Xeolocalización a partir da información de [mapas.xunta.gal](http://mapas.xunta.gal).